

A Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) non pode asumir o acordo de medidas adicionais para previr os contaxios do Covid-19 ao non contemplar a súa aplicación inmediata na Delegación Especial de Galicia.

No día de hoxe, martes 26.01.2021, reuniuse de urxencia a Comisión de Seguimento do Acordo de 19 de xuño de 2020, sobre as medidas a adoptar nos centros de traballo dependentes da AEAT con motivo da nova normalidade, co obxecto de implementar unha serie de medidas de carácter transitorio para previr contaxios no marco do actual estado de alarma e coa pretensión de acomodar o texto do acordo á evolución e á situación actual do andazo do COVID-19, priorizando o teletraballo naqueles postos de traballo non esenciais e prevendo a redución da presencialidade na aqueles postos de atención ao público, de xeito que tamén se garanta a continuidade do servizo e a apertura dos centros de traballo.

Dende a Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) entendemos que este acordo chega tarde, amósase incompleto, incoherente e falta de concreción e detalle. Para Galicia non contempla, a día de hoxe, a aplicación de ningunha medida, a pesar de estarmos no nivel máximo de restriccións dende o pasado mes de marzo, co peche da hostalaría e de toda actividade non esencial, sen clases nas Universidades e con chamados dende a Xunta de Galicia ao “autoconfinamento” e ao teletraballo.

O documento proposto pola AEAT toma como referencia os niveis de alerta publicados polo Ministerio de Sanidade, establecendo que as medidas a aplicar adoptaranse nas provincias con niveis 4 de alerta. A día de hoxe, non hai ningunha provincia galega nese nivel de alerta, segundo o último informe de indicadores principais do COVID-19 publicado polo Ministerio de Sanidade con datos do 18.01.2021, e xa que logo, non se contempla polo de agora a aplicación de ningunha medida adicional.

Dende a Confederación Intersindical Galega temos que sinalar que os indicadores e as incidencias que se toman como referencia para determinar os niveis de alerta, xa non se corresponden coa situación actual do Covid-19 en Galicia, de xeito que en cinco xornadas o índice acumulado a sete días acrecentouse en case 80 puntos, hai xa máis de 1.200 hospitalizados e comunicáronse no día de hoxe 27 falecementos. Por tal motivo, non podemos aceptar que, de acordo co criterio que quere adoptar a AEAT, a Delegación Especial de Galicia fiquen sen que se adopten medidas de carácter urxente nos seus centros de traballo e de protección do seu persoal.

Na nosa quenda de intervencións denunciámos a incoherencia desta situación. Atopámonos cos niveis máis altos de restriccións establecidos pola Xunta de Galicia e, sen embargo, as medidas establecidas no acordo proposto non serán de aplicación, polo de agora, en ningunha das provincias galegas. Pola contra, cremos que coa evolución actual da pandemia do Covid-19 o recomendábel é que non se deixe ningunha Delegación Especial sen medidas de prevención dos contaxios. Semella que imos por detrás da infección e que tomamos decisións sempre tarde.

Comentamos tamén, a preocupación e o malestar do persoal do noso ámbito, xa que algúns “xefes” e responsábeis da Delegación Especial de Galicia, semellan estar máis preocupados en manter a presencialidade dos traballadores nas oficinas que en garantir a protección da súa saúde e a dos contribuintes que acoden as mesmas. Neste sentido, a ambigüidade do texto do acordo fainos preveer que dende a Delegación Especial de Galicia, no caso de entrarmos no nivel 4 de alerta, fagan unha interpretación restrictiva do mesmo.

Tamén reclamamos que por mor das súas características específicas se adopten medidas concretas no ámbito de Vixilancia Aduaneira.

Dende a Confederación Intersindical Galega lamentamos que dende a Administración non foran permeábeis ás nosas demandas. En todo caso, coa situación actual da pandemia nas catro provincias galegas, non podemos asumir un acordo de medidas para previr contaxios no marco do actual estado de alarma que non sexa de aplicación inmediata na Delegación Especial de Galicia.

A Coruña, a 26 de xaneiro de 2021